



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

**Maio 2017**


Santiago de Compostela, 07 de xullo de 2017

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Maio 2017

- O índice de producción industrial de Galicia rexistrou en maio de 2017 un incremento do 6,1% con respecto a maio de 2016, mentres que a nivel nacional o crecemento foi inferior, 4,6%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 12,3%, os bens de equipo un 6,1% e os bens intermedios un 6,9%; pola contra, a enerxía decreceu un 5,2%.
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden á “industria da madeira e da cortiza” que achega 1,5 puntos, a “industria da alimentación” que suma 1,2 puntos e a “fabricación de vehículos de motor” que suma 1,0 puntos.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destacan o “fornecemento de enerxía eléctrica” e a “fabricación doutro material de transporte”, que restan 1,5 puntos cada unha á taxa interanual.

### Índice de producción industrial (IPI). Maio 2017



## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de maio de 2017 en Galicia acadou unha taxa interanual do 6,1%, mellorando en 15,6 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-9,5%). En España rexistrouse un avance do 4,6%, mellorando en 15,2 puntos a taxa acadada no mes anterior (-10,7%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 12,3%, o que suma 3,5 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un avance do 6,1%, o que achega 1,4 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** creceron un 6,9% cunha repercusión positiva de 2,1 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que baixa un 5,2% e resta 0,9 puntos á taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de abril de 2017, por destino económico, os bens de consumo melloran 9,2 puntos, os bens de equipo melloran 18,0 puntos, os bens intermedios melloran 10,9 puntos e a enerxía mellora 25,5 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas que presentan as maiores achegas positivas á taxa interanual de maio foron: a “industria da madeira e da cortiza” que achega 1,5 puntos, a “industria da alimentación” que suma 1,2 puntos, a “fabricación de vehículos de motor” que suma 1,0 puntos e a “fabricación de maquinaria e equipamento” xunto coa “confección de roupa de vestir” que achegan 0,9 puntos cada unha delas.


No que respecta ás repercusións negativas, entre elas destacan a “fornecemento de enerxía eléctrica” e a “fabricación doutro material de transporte”, que restan 1,5 puntos cada unha delas á taxa interanual.

### 3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 16,1% de Asturias e o -5,9% de La Rioja. Ademais de Asturias, presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Castilla - La Mancha (7,9%), Comunitat Valenciana (7,3%), Andalucía (7,3%), Cataluña (6,7%), Aragón (6,4%), Galicia (6,1%) e Cantabria (5,6%).


#### IPI maio 2017

#### Taxas de variación en %



#### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



#### Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

## Anexo cadros

**Cadro 1.- Índice de produción industrial. Maio 2017**

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>					
Xeral	101,5	6,1	-2,3	--	--
Bens de consumo	129,4	12,3	6,2	3,5	1,6
Bens de equipo	77,6	6,1	-3,3	1,4	-0,8
Bens intermedios	108,5	6,9	2,2	2,1	0,6
Enerxía	93,5	-5,2	-16,8	-0,9	-3,7
<b>España</b>					
Xeral	105,4	4,6	1,6	--	--
Bens de consumo	104,8	6,6	0,9	1,8	0,2
Bens de equipo	114,5	4,3	0,2	1,0	0,0
Bens intermedios	107,7	5,3	4,0	1,7	1,3
Enerxía	92,0	0,4	0,3	0,1	0,1

Fonte: INE

**Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Maio 2017**

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
<b>Total</b>	<b>6,1</b>		<b>-2,3</b>		
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería	33,4	1,5	15,9	0,6	3,8
Industria da alimentación	8,2	1,2	2,2	0,3	12,1
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	8,1	1,0	-1,7	-0,2	11,4
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	70,4	0,9	37,0	0,5	2,1
Confección de roupa de vestir	14,9	0,9	14,5	0,8	5,3
Fabricación de bebidas	14,6	0,8	6,7	0,3	3,6
Fabricación de mobles	40,4	0,6	11,0	0,2	1,6
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	7,1	0,6	10,0	0,7	8,7
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	12,3	0,4	0,9	0,0	3,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	9,2	0,2	0,4	0,0	3,2
Outras industrias manufactureiras	24,9	0,1	2,1	0,0	0,4
Industria téxtil	43,4	0,1	8,4	0,0	0,2
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	1,5	0,1	-5,3	-0,3	4,5
Industria química	3,2	0,1	4,6	0,1	1,5
Fabricación de material e equipamento eléctrico	5,1	0,1	0,8	0,0	1,2
Industria do papel	1,6	0,0	2,4	0,0	1,8
Outras industrias extractivas	0,9	0,0	-13,5	-0,1	1,7
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-0,3	0,0	0,0	0,0	5,0
Fabricación doutro material de transporte	-44,1	-1,5	-41,3	-1,4	6,7
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-10,2	-1,5	-21,0	-4,1	14,7
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(\*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

**Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Maio 2017**

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>España</b>	<b>105,4</b>	<b>4,6</b>	<b>1,6</b>
Galicia	101,5	6,1	-2,3
Andalucía	97,2	7,3	4,3
Aragón	110,1	6,4	1,4
Asturias	99,2	16,1	5,5
Baleares (Illes)	99,1	4,2	4,0
Canarias	94,4	0,4	0,6
Cantabria	101,7	5,6	6,1
Castilla - La Mancha	95,7	7,9	3,0
Castilla y León	102,3	-2,7	-6,9
Cataluña	114,4	6,7	2,7
Comunitat Valenciana	120,7	7,3	3,0
Extremadura	85,6	-1,2	4,5
Madrid	91,6	-0,8	0,0
Murcia	94,8	2,1	6,0
Navarra	108,6	3,1	3,3
País Vasco	108,0	1,4	1,9
Rioja (La)	91,5	-5,9	-7,0

Fonte: INE